

## DE 12 A 14 ANOS



***El coleccionista de relojes extraordinarios.* Laura Gallego.** Ed. S.M. Para salvar a alma da súa madrastra, Jonathan ten que atopar o reloxo Deveraux antes das doce horas. Está nalgún lugar da Cidade Antiga. Pero ao longo da noite, a cidade vai mudando. Xa non é a mesma, ... ou si?

***Cuando Hitler robó el conejo rosa.* Judith Kerr** Ed. Alfaguara. A chegada de Hitler ao poder vai cambiar radicalmente a vida de Anna e a súa familia...

***¿Tienen los animales que lavarse los dientes?* H. Wiesner** Ed. EDAF. Cantas espiñas ten un ourizo? Son os porcos tan cochos? Van os corvos por ouro? E o lobo feroz? Aos animais dálles medo a escuridade? Para atopar as respostas, le este libro.

***El señor de los ladrones.* Cornelia Funke** Ed. Destino. Fuxindo da tía, Próspero e Bonifacio chegan á fermosa Venecia onde se integran nunha banda xuvenil liderada polo misterioso Señor dos Ladrons.

***Simbad el marino.* Adaptación de A. Sánchez Aguilar.** Vicens Vives. Colección Cucaña. Tras derrochar o herdo familiar, Simbad embarca cara a Oriente. O destino lévao por camiños perigosos, e vivirá naufraxios e peripecias que poñerán en risco a súa vida: xigantes, piratas, elefantes furiosos, caníbales..

## LER O NADAL



***El cuento de Navidad de Auggie Wren.* Paul Auster**

Ó ler este conto, o director de cine Wayne Wang propúxolle ao autor escribir o guión dunha película. Así xurdiu *Smoke* que ten como final este conto.

***El misterio de Navidad.* Jostein Gaarder**

Este libro encerra misterio e historias dentro das historias, como pequenas caixas que imos abrindo.

***Canción de Navidad.* Dickens**


Foi unha das máis lidas no seu tempo. Conta como o avaro Mr. Scrooge é insensible ante toda beleza que non sexa...

***Un árbol de Navidad de Pat Hobby.* Scott Fitzgerald.** Espasa Calpe.1994. Colección Hora Cero.

***Un Recuerdo de Navidad.* Truman Capote.**

Bruguera, 1981. Colección Todolibro.

## TODAS AS IDADES



**La ladrona de libros.** Markus Zusak. Unha nena alemá vive cunha familia de adopción, contraria ao ideario nazi, os anos da guerra. Coas lecturas distráese e combate a tristeza escribindo un libro de seu.

**Maus. Relato dun supervivinte.** Art Spiegelman. Considerado un dos mellores cómics, narra a historia do pai do autor, un xudeu polaco, durante a Segunda Guerra Mundial. É a crónica dun fillo que aspira a comprender a seu pai; unha reflexión sobre os que sobreviviron e os que morreron.

**El retrato de Dorian Gray.** Oscar Wilde. Estudio da beleza e da arte; da caducidade da existencia a través da historia dun xove aristocrático que recibe unha influencia decisiva de dous amigos.

**Kafka y la muñeca viajera.** Jordi Sierra i Fabra. Ed. Siruela, Las Tres Edades. Un ano antes da súa morte, Franz Kafka viviu unha experiencia insólita. Paseando polo parque Steglitz, en Berlín, encontrou unha nena chorando desconsolada.

## DE 14 A 16 ANOS



**La elegancia del erizo.** Muriel Barbery. Seix Barral. A orixinalidade desta obra valeulle o Premio dos Libreiros en Francia e o favor do público. Dúas amigas inventan un mundo mellor grazas á beleza das pequenas cousas.

**Crepúsculo.** S. Meyer. Ed. Alfaguara. Interésanche os vampiros? Entra nas páxinas desta novela e non poderás escapar ao seu poder. Despois sigue con **Luna nueva** e **Eclipse**.

**La emperatriz de los etéreos.** Laura Gallego. Ed. Alfaguara. Contan que, máis alá dos Montes de Xeo, máis alá da Cidade de Cristal, habita a Emperatriz nun cegador palacio... Así comeza A emperatriz dos etéreos, a historia dunha viaxe e dunha procura que vai máis lonxe do que xamais soñara.

**O único que queda es el amor.** Agustín Fernández Paz. Ed. Xerais. Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil 2008. Libro de relatos que teñen un eixe común: o amor.

## MAIORES DE 16



***El señor de las moscas.* William Golding.** O naufraxio dun grupo de adolescentes e o pretexto para demostrar que o mal é inseparable da condición humana.

***Cartas de Amor.* Fran Alonso.** Ed. Xerais. As historias deste libro nacen a partir de cartas de amor. Pero non son cartas de amor convencionais.

***Case Perfecto.* Marina Mayoral** Ed. Xerais.

Un científico famoso morre en circunstancias estrañas, semellantes ás que aparecen nunha novela escrita pola súa dona, de quen vive separado...

***Memoria de ciudades sen luz.* Inma López Silva.** Ed. Galaxia. Gañadora do Premio Blancoamor 2007 A vida no exilio do protagonista, a través de diversas décadas e distintas cidades.

***O armiño dorme.* X. Neira Cruz.** Ed. Galaxia. En 1857 ábreanse as tumbas dos Medici en Florencia. Causa un gran impacto a de Bia de Medici, filla ilexítima de Cósimo I, por permanecer intacta “como se estivese dormida” e, xunto dela, un armiño acompañaa no seu descanso. Pero en poucos segundos a fráxil figura esváese e convértese en po. Só queda un diario que recolle a historia desta xove princesa.

## ADULTOS



***Los hombres que no amaban a las mujeres.* Stieg Larsson.** Destino, 2008. Unha novela que é a crónica da guerra interna dunha familia, do crime e do castigo, de perversións sexuais, de trampas financeiras, un entramado violento e ameazante entre o que sen embargo medra unha tenra historia de amor.

***1984.* George Orwell.** Clásico da ciencia-ficción, creador do concepto do “Gran Irmán”. Nesta *antiutopía* moitos ven paralelismos coa sociedade actual.

***Suite francesa.* Irène Némirovsky.** Ed. Salamandra. Novela excepcional escrita en condicións excepcionais. Iníciase en París nos días previos á invasión alemá, retrata con lucidez a sociedade francesa da época..Concebida como unha composición en cinco partes, a autora só puido escribir dúas. Morreu en Auschwitz en 1942.

***El libro de las ilusiones.* Paul Auster.** Ed. Anagrama. Un escritor inicia a investigación sobre Hector Mann, un dos últimos cómicos do cine mudo que, nun dos seus últimos filmes conta a historia dun home que bebe unha poción máxica que o fai desaparecer. E anticipa a propia historia do actor, que hai setenta anos que se desapareceu sen deixar rastro.



**GUÍA DE LECTURA  
PARA O TEMPO DE NADAL  
2008  
BIBLIOTECA CPI RAMÓN PIÑEIRO**

